



## CICLO MESTRE MATEO-2024

### I SESIÓN DE CURTAS

**ANTES DE QUE SE POÑA O SOL, O COIDADO, TO BIRD OR NOT TO BIRD, O NENO SARDIÑA, ULISES**

**DOMINGO 24 DE NOVEMBRO DE 2024 - ÁS 20:00 HORAS**

**AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA**

#ciclomestremateo

O Instituto de Estudos Chairegos (IESCHA), en colaboración coa *Academia Galega do Audiovisual*, coa *Área de Cultura-Vicepresidencia da Deputación de Lugo* e co *Concello de Vilalba*, organiza a **1ª SESIÓN DE CURTAS**, coa proxección de **5 CURTAMETRAXES: ANTES DE QUE SE POÑA O SOL, O COIDADO, TO BIRD OR NOT TO BIRD, O NENO SARDIÑA, ULISES**, continuando así co **CICLO MESTRE MATEO** que durante o último trimestre do presente ano 2024 brindaranos a oportunidade de poder disfrutar das películas finalistas (documentais, longametraxes e curtas) dos **XXII PREMIOS MESTRE MATEO**.

Esta **sexta** proxección terá lugar no **Auditorio Municipal de Vilalba o domingo 24 de novembro de 2024, ás 20:00 horas**.



#### Sinopse

Nunha reunión familiar catro irmáns teñen que tomar unha decisión e non todos están de acordo.

**Duración:** 12 min

**Calificación por idades:** Non recomendada para menores de 12 anos.

dir.: NANI MATOS

#### Sinopse

Eduardo (70) é un home que comeza a ter problemas para coidar de si mesmo. Na súa casa, a que noutro tempo foi a casa familiar, vive só cun androide cuxa única función é mellorar a súa calidade de vida. A través do trato co robot, Eduardo atopa a relación de intimidade que non é quen de afianzar co seu fillo Anxo (30)

**Duración:** 19 min

**Calificación por idades:** Para todos os públicos.

dir.: M. CANALEJO

#### Sinopse

To bird or not to bird, esa é a cuestión. Unha mirada crítica e caleidoscópica do mundo actual contada a través das traxicómicas e esferpénticas vivencias duns paxaros.

**Duración:** 9 min

**Calificación por idades:** Non recomendada para menores de 12 anos.

dir.: MARTÍN ROMERO

#### Sinopse

Nun punto sen determinar do río Miño, ao parecer ao norte de Galicia, un neno-sardiña cruza a corrente deixando atrás a aqueles que celebran o seu enterro co fin do entroido. Descoñécese que provoca a súa transformación, pero din que os ollos máis atentos poden captar de preto a humidade da súa pel. A súa existencia está confirmada polos máis escépticos da zona. Ninguén no lugar ten dúbidas.

**Duración:** 14 min

**Calificación por idades:** Non recomendada para menores de 12 anos.

dir.: LUCÍA ESTÉVEZ

#### Sinopse

Ulises, que sofre un acusado trastorno psicomotor, está ao coidado do seu irmán. Un día abandona a casa familiar e decide enterrarse vivo. O seu irmán, desesperado, atópao e convénceco para volver, pero xa non sabe que facer para protexelo.

**Duración:** 25 min

**Calificación por idades:** Non recomendada para menores de 12 anos.

dir.: FÉLIX BRIXEL

**DURACIÓN TOTAL:** 79 MIN

**A ENTRADA SERÁ DE BALDE, PERO HABERÁ QUE REALIZAR A CORRESPONDENTE RESERVA BEN NA PÁXINA WEB DO CONCELLO, BEN NA CASA DA CULTURA OU O MESMO DÍA NO AUDITORIO**

<https://ciclomestremateo.gal>  
[www.vilalba.gal/es](http://www.vilalba.gal/es)

<https://www.deputacionlugo.gal/es/a-deputacion/areasgobierno/cultura> <https://estudioschairegos.gal>